

ORDENANZA XERAL DE  
SUBVENCIONS

contienen los planos en lo referente a la distribución y anchura de las bandas ajardinadas o arboladas, aceras y carriles circulatorios.

- b) Los Proyectos de urbanización determinarán con toda exactitud las rasantes definitivas, así como la posición de los puntos de alumbrado público, bocas de captación de aguas pluviales y otros servicios urbanísticos.

Aparcamientos:

1. Emplazamientos:

Los aparcamientos públicos tienen los siguientes emplazamientos:

A. En los viales, vinculados a las calles

B. En parcelas destinadas para este fin en superficie (Parcelas AP2, AP3, AP4, AP5 y AP7)

C. En parcelas con edificios exclusivos de aparcamiento (Parcelas AP1 y AP6)

2. Parcelación:

Para los emplazamientos tipo B y C parcela mínima 500 m<sup>2</sup>.

3. Ocupación máxima de la parcela:

Para el emplazamiento B: 100%.

Para el emplazamiento C: 80%.

4. Edificabilidad máxima:

Para el emplazamiento B: nula

Para el emplazamiento c: 1.60 m<sup>2</sup>/ m<sup>2</sup>.

5. Retiros:

Emplazamiento B: no son necesarios

Emplazamiento C:

Al frente de la calle: 5.00 m.

Al fondo de la parcela: 5.00 m.

A los laterales: 5.00 m.

6. Altura máxima:

Para emplazamiento C la altura máxima se establece en 6.00 metros, medidos desde la rasante definitiva del terreno.

7. Sótanos:

Emplazamiento B: se permite la construcción de sótanos o semisótanos

Emplazamiento C: se permite la construcción de sótanos y semisótanos con la misma ocupación que el resto de la edificación

8. Usos admitidos:

Aparcamiento

Vigo, 3 de febreiro de 2006.—A Alcaldesa-Presidenta da Xerencia Municipal De Urbanismo, Corina Porro Martínez. 2006001318

\* \* \*

## B U E U

### A N U N C I O

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 2 de novembro de 2005 a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Bueu, e sometida a trámite de información pública polo prazo dun mes sen que se teñan presentadas alegacións, segundo o disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo enténdese aprobada definitivamente, dispoñendo a publicación íntegra do seu contido

#### ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE BUEU

##### TÍTULO I

##### DISPOSICIÓNS XERAIS

###### Artigo 1. OBXECTO

No marco da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a presente Ordenanza ten por obxecto regular o réxime e o procedemento xeral das subvencións outorgadas polo Concello de Bueu.

En todo caso en dita regulación respetaranse os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia e na asignación e utilización dos recursos públicos.

###### Artigo 2. CONCEPTO

1. Considérase subvención toda disposición dineraria realizada polo Concello de Bueu en favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos:

- Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega estea suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa desenvolto ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
- Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2. Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as aportacións dinerarias entre diferentes Administracións públicas, así como entre a administración e os organismos e ou-

tros entes públicos dependentes destas, destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente no ámbito propio das súas competencias.

Tampouco estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as aportacións dinerarias que en concepto de cotas realicen as entidades que integran a Administración local a favor das asociacións a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Non terán carácter de subvención as comprendidas os supostos a que refírese o apartado 4º do artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións.

3.—Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza as seguintes:

- a) Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- b) As subvencións ós grupos políticos do Concello, segundo o estableza a súa propia normativa.

### Artigo 3. RÉXIME XURÍDICO

O marco legal polo que rexiranse as subvencións constitúese por:

- a) A lexislación básica do Estado en materia de Administración Local (artigos 25 e 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local), Facendas Locais (artigos 189.2 e 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais), Subvencións (Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións) e Procedemento Administrativo (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común).
- b) Lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Réxime Local (artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local).
- c) A presente Ordenanza Xeral de Subvencións.
- d) As Bases de Execución Orzamentaria e demais normativa municipal.
- e) Demais normas de dereito administrativo aplicables.

### Artigo 4. CARÁCTER DAS SUBVENCIÓNS

- a) Estarán afectadas ó cumprimento da finalidade de interese xeral a que se condicione o seu outorgamento.
- b) Non poderán obedecer a mera liberalidade.
- c) Terán carácter voluntario y eventual, non xeneran dereito á obtención de outras en anos vindeiros e non poderán invocarse como precedente.

- d) Non xerará en favor do beneficiario dereito a esixir o aumento ou revisión.
- e) A entrega da subvención non suporá contra-prestación directa do beneficiario.
- f) Non terán carácter contractual.
- g) En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.
- h) Serán revogables ou reducibles de oficio cando se comprobe que a actividade subvencionada non foi realizada total ou parcialmente, ou que se aplique a unha finalidade diferente daquela para a que foi concedida.
- i) As actividades subvencionadas deberán ser realizadas antes de finalizar o prazo que se estableza na resolución da concesión e, en todo caso, antes do 31 de decembro do ano da súa concesión. En supostos excepcionais contemplados nas bases da convocatoria, poderase outorgar un prazo de realización mais longo.

### Artigo 5. ÓRGANOS COMPETENTES

O outorgamento de subvencións corresponderá ó Pleno ou á Alcaldía, segundo a súa competencia para a aprobación do gasto correspondente, sen prexuício das delegacións que poideranse conferir.

### Artigo 6. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS

Anualmente, nos tres primeiros meses do ano, establecerase un plan extratético de subvencións para cada delegación, no que concretarase os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, os custos previsibles e as súas fontes de financiación, supeditándose, en todo caso, á cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

### Artigo 7. CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS

1. Anualmente o Concello consignarán a cantidade que estime pertinente no orzamento para atender as actividades subvencionables, a que se distribuirá entre as diferentes delegacións de segundo o plano estratéxico. As subvencións terán a condición de gastos públicos e a súa efectividade estará condicionada á existencia de crédito orzamentario suficiente.

2. Como regra xeral, as convocatorias exixirán un porcentaxe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada. Asimesmo, determinarán o réxime de compatibilidade o incompatibilidade para a percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras Administracións ou entes pú-

blicos o privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

3. As respectivas convocatorias fixarán as contías máximas das subvencións que en ningún caso, illadamente ou en conxunto con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o orzamento do proxecto ou actividade para o que se solicita.

#### Artigo 8. BENEFICIARIOS E ENTIDADES COLABORADORAS

1.—Terán a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que teña que levar a cabo a actividade fundamento do outorgamento da subvención ou que se encontre en situación que leixitíme a súa concesión.

Poderán ser beneficiarios das subvencións económicas que se regulan na presente ordenanza e, en consecuencia, peticionarias destas:

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no Concello de Bueu, que realicen actividades de interese municipal e se encontren debidamente inscritas no Rexistro municipal de asociacións.
- b) As persoas físicas domiciliadas na cidade que realicen actividades de interese municipal.
- c) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro públicas ou privadas e as persoas físicas que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Bueu, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio da mesma.

2.—As bases reguladoras de axudas ou subvencións poderán establecer que a xestión e o pago das axudas ou subvencións se efectúe a través dunha entidade colaboradora.

Ten a consideración de entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta da entidade concedente, a tódolos efectos relacionados coas subvencións, distribúe e entrega os fondos públicos ós beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras ou colabore na xestión da subvención sen que se leve a cabo a previa entrega e distribución dos fondos recibidos.

Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades as que fai referencia o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

#### ARTIGO 9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Serán obrigas dos beneficiarios:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

- b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o disfrute da subvención.
- c) Someterse a actuacións de comprobación que puidera efectuar a entidade concedente, así como a facilitar os datos que se lle requiran.
- d) Comunicar á entidade concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos e recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- e) Acreditar, con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión, atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social.
- f) Dispor dos libros contables, rexistros dilingenciados e demais documentos debidamente acreditados nos termos esixidos na lexislación vixente ou bases reguladoras da convocatoria das subvencións.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de publicidade do carácter público da financiación da actividade, programa, actuación, etc, obxecto da subvención.
- i) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos legal ou regulamentariamente.
- j) Rendición de contas en forma legal ou regulamentaria.

### TÍTULO II

#### PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E XESTIÓN DAS SUBVENCIONS.

##### ARTIGO 10. INICIACION

O procedemento iniciárase de oficio mediante convocatoria efectuada polo órgano competente para a súa resolución e publicada no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia.

##### ARTIGO 11. BASES REGULADORAS

Non poderá iniciarse o procedemento de concesión de subvencións sen que previamente o órgano competente teña establecido as bases reguladoras da convocatoria da subvención.

As bases deberán respetar o disposto nesta Ordenanza Xeral e conterá como mínimo:

- a) Indicación da disposición que estableza, de se-lo caso, as bases reguladoras e o lugar en que está publicada, agás que, en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.
- b) Créditos orzamentarios ós que se imputa a subvención e cuantía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, cuantía estimada das subvencións.
- c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
- d) Expresión de que a concesión se efectúa mediante réxime de concorrencia competitiva.
- e) Indicación dos órganos competentes para a instrucción, resolución do procedemento e comprobación da subvención.
- f) Requisitos para solicitar a subvención e xeito de acreditarlos.
- g) Prazo, forma e lugar de presentación de solicitudes.
- h) Documentos e informacións que deben acompañar á petición.
- i) Prazo de resolución e notificación.
- j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes.
- k) Indicación de si a resolución pon fin á vía administrativa.
- l) Criterios obxectivos de valoración das solicitudes, e, de se-lo caso, a súa ponderación.
- m) Medio de notificación ou publicación.
- n) Forma e prazo da xustificación do cumprimento dos fins da subvención, e de aplicación dos fondos percibidos, así como a documentación válida a efectos da xustificación.
- o) Forma e prazo de pagamento da subvención.
- p) Posibilidade de efectuar abonos a conta ou pagos anticipados, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deben aportar os beneficiarios.
- q) Procedemento de reintegro das subvencións percibidas.
- r) Designación do órgano colexiado que debe emitir informe sobre a proposta de resolución provisional ou, no seu caso, definitiva.
- s) Procedemento sancionador

#### ARTIGO 12. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As entidades e colectivos interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo que se sinala na convocatoria, axustándose ó impreso normalizado ó efecto.

As solicitudes, xunto coa documentación que se acompañe, presentaranse en calquera das Oficinas de Rexistro Xeral da Entidade ou por calquera dos

medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, e irán dirixidas á Alcaldía.

#### ARTIGO 13. DOCUMENTACIÓN

- a) Instancia individualizada para cada actividade, asinada polo peticionario ou, no caso de persoas xurídicas, polo representante legal, debidamente acreditado, con indicación do domicilio a efectos de notificacións.
- b) Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF), no caso de persoas xurídicas, e o número de identificación fiscal (NIF) no caso de persoas físicas.
- c) Certificación que acredite a inscrición do solicitante, cando proceda, no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, ou no seu caso, no Rexistro público que corresponda.
- d) Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos.
- e) Orzamento de ingresos e gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto.
- f) Informe da Tesourería Municipal de atoparse ó corrente das obrigas tributarias coa facenda municipal. As bases reguladoras da convocatoria poderán eximir da presentación deste documento, que será xestionado de oficio.
- g) Declaración responsable das subvencións solicitadas ou recibidas de institucións públicas ou privadas para dito programa.
- h) Compromiso firme de comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.
- i) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- j) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda Estatal ou Autonómica, nin á Seguridade Social.

#### ARTIGO 14. INSTRUCCIÓN

1.—A instrucción do procedemento de concesión de subvencións corresponde ó órgano que se designa na convocatoria.

2.—O órgano competente para a instrucción realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

3.—A tramitación das solicitudes, emisión dos informes que procedan, requerimentos, resolución, notificacións, recursos e cantos actos sexan preci-

sos para chegar á finalización do procedemento axustaranse ó preceptuado na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común.

#### ARTIGO 15. RESOLUCIÓN

1.—O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención será o órgano competente para a disposición do gasto, sen perjuicio das delegacións efectuadas a favor da Xunta de Goberno Local, de conformidade coa Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. A resolución pola que se conceda unha subvención incluírá a aprobación do compromiso de gasto correspondente.

2.—O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder dos seis meses contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentalas, tendo carácter desestimatorio o silencio da Administración.

3.—A resolución será motivada segundo dispoñan as bases reguladoras da convocatoria das subvencións, debendo, en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

4.—No suposto de concesión, a resolución conterá, como mínimo, a cuantía da subvención, forma de pago, condicións nas que se outorga e medios de control que, no seu caso, se establezan.

5.—A resolución do procedemento será notificada ós solicitantes segundo o disposto na Lei 30/1992, con indicación da forma e prazo para a súa aceptación expresa. Si o beneficiario non presentara aceptación no prazo sinalado ou presentara reservas respecto da mesma, a Entidade Local poderá optar, discrecionalmente, entre conceder un novo prazo para a aceptación ou entender que o beneficiario ten renunciado á subvención.

6.—Non se concederán subvencións en tanto non se xustiquen axeitadamente as subvencións anteriores, ou en tanto o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou de seguridade social, ou nos supostos recollidos no artigo 37 da LXS.

7.—Cando o beneficiario sexa deudor da Entidade Local, poderase efectuar a compensación do pago da subvención coas débedas do beneficiario

#### ARTIGO 16. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Para a valoración dos proxectos poderán constituírse Comisións de Valoración, coa composición e funcións que se recollan nas bases específicas da correspondente convocatoria. Corresponderá á comisión de valoración formular a proposta de resolución, que non terá carácter vinculante.

A proposta deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa cuantía, expresando os criterios de valoración seguidos para efecuala.

#### ARTIGO 17. REFORMULACIÓN DE SOLICITUDES

1.—A alteración das condicións que van a determinar a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente das subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións poden dar lugar a modificación da resolución de outorgamento.

2.—Cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades a desenvolver polo solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ó que figura na solicitude presentada, se poderá instar do beneficiario, se así está previsto nas bases reguladoras, a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións a subvención que se poida outorgar.

3.—En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respetar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións.

#### ARTIGO 18. PUBLICIDADE

1.—As subvencións concedidas, serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Entidade, con expresión da convocatoria, a partida orzamentaria, o beneficiario, a cuantía concedida e a finalidade da subvención.

2.—A concurrencia nos procesos de subvencións municipais implicará a manifestación de consentimento inequívoco ó trato de datos de carácter persoal e a súa publicación nos termos sinalados no apartado 1 deste artigo, de conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999, de Protección dos datos de carácter persoal, consentimento que se recollerá expramente xunto coa solicitude, salvo que as bases específicas recollan outra cousa.

3.—Non será necesaria a publicidade no Boletín Oficial da Provincia nos seguintes casos:

- a) Cando as subvencións teñan asignación nominativa no Orzamento Xeral da Entidade Local ou en modificacións de créditos aprobadas polo Pleno da Corporación.
- b) Cando o seu outorgamento e cuantía, a favor dun beneficiario concreto, resulten impostos por unha norma con rango legal.
- c) Cando o importe das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexa de cuantía inferior ós 3.000 €. Neste suposto deberá insertarse anuncio indicativo no Taboleiro de Anuncios da Entidade Local, sen

perxuício de que as bases específicas, o convenio ou resolución da concesión, poidan prever outros procedementos de publicidade axeitados.

- d) Cando a publicación dos datos do beneficiario, en atención ó obxecto da subvención, poida ser contraria ó respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude da normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal, sempre que a excepción á publicidade sinalada no apartado 1 se tivera previsto na normativa reguladora da subvención.

#### TÍTULO IV

##### PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

###### ARTIGO 19. CONCESION DIRECTA

1.—Poderán concederse de xeito directo as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos do Concello ou, no seu caso, dos organismos autónomos.
- b) Aquelas respecto ás que o seu outorgamento e cuantía veña imposta á administración por unha norma de rango legal.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que, de xeito motivado, se acredite a concurrencia de razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, ata un 30% do importe do crédito destinado a cada partida orzamentaria.

2.—Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Entidade, e deberán conter como mínimo os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto da concesión.
- b) Réxime xurídico aplicable.
- c) Beneficiarios e modalidade de axuda.
- d) Procedimento de concesión e réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios.

3.—A competencia para a concesión de subvencións de forma directa será do Alcalde ou Presidente dos Organismos Autónomos sempre que estén previstas nominativamente nos orzamentos e aquelas en que o seu outorgamento e cuantía veñan impostas por unha norma legal.

4.—A xustificación das subvencións de concesión directa polo beneficiario será conforme ó procedemento xeral disposto nesta ordenanza.

#### TÍTULO V

##### XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

###### ARTIGO 20. OBRIGA DE XUSTIFICAR

As Asociacións ou Entidades perceptoras de subvencións con cargo ó orzamento municipal deberán xustificar, en todo caso, e, se é preciso, a requerimento dos Servicios Técnicos Municipais competentes, a aplicación dos fondos percibidos ante o órgano que teña tramitado a solicitude, no prazo máximo de tres meses, contados dende a data inicialmente prevista para a realización do proxecto ou actividade subvencionada.

De non finalizarse o proxecto ou actividade na data sinalada, deberá solicitarse por escrito e dentro do prazo concedido inicialmente para a xustificación, polo beneficiario, a ampliación do prazo de xustificación, con indicación da data final do mesmo.

###### ARTIGO 21. GASTOS SUBVENCIÓNABLES

1.—Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que, sen lugar a dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido polas bases reguladoras da subvención. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ó valor de mercado.

2.—Salvo disposición expresa en contrario nas bases específicas das subvencións considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación establecido na normativa reguladora da subvención.

3.—Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais ou rexistrados, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionable e os de administración específicos serán subvencionables cando estén directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a súa axeitada preparación e execución e sempre que así se prevea nas bases reguladoras.

4.—En ningún caso terán a consideración de gastos subvencionables:

- a) Os intereses debedores de contas bancarias.
- b) Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.

5.—Os tributos serán gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso serán subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda nin os tributos satisfeitos ó Concello de Bueu.

**ARTIGO 22. XUSTIFICACIÓN**

1.—A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa.

2.—A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigado polo beneficiario que deberá comprender:

- a) Memoria detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade conforme ó orzamento, con expresa mención ós resultados obtidos.
- b) Certificación, expedida polo receptor, de que a finalidade para a que se outorgou a subvención foi cumprida, conforme ó proxecto presentado para a obtención da subvención.
- c) Conta xustificativa dos gastos e pagos realizados indicando o receptor co seu NIF e domicilio, o concepto e destino. A esta conta uniranse os xustificantes dos gastos e pagos realizados.
- d) Relación desagregada de tódolos ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
- e) Un exemplar de tódala documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.
- f) Ademais, no suposto de adquisición de bens inmobles, deberá aportarse certificado de tasador independente, debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

3.—O prazo para a rendición da conta xustificativa establecerase nas diferentes bases reguladoras, sen que en ningún caso poida exceder de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade ou do 31 de marzo do ano seguinte.

**ARTIGO 23. REQUISITOS DOS XUSTIFICANTES**

1.—Os gastos xustificaranse mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no RD 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do IVE, ademais de estar datadas no período subvencionable e conte-lo selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pago.

En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio ós simples “recibís”.

Deberá aportarse orixinal e copia de cada un dos documentos que se presenten para estampillar a primeira, que será devolta, e compulsar a segunda. O estampillado consistirá na impresión sobre o documento orixinal da expresión “este documento serviu para xustificar unha subvención outorgada ó Concello no procedemento de subvención para ( sinalar o obxecto da subvención)”.

2.—Calquera outra documentación que se pedir en orde á xustificación do gasto, poderá ser esixida polo órgano xestor encargado de velar pola xustificación da subvención concedida.

**ARTIGO 24. REPERCUSIÓN DE GASTOS CORRENTES**

Naqueles casos en que así se decida polo órgano concedente da subvención, entenderas, a efectos da xustificación, que un 8 por cento do importe total percibido quedará xustificado coa mera acreditación dos gastos estruturais derivados das actividades subvencionadas, sempre que tales costes correspondan ó período en que efectivamente se realizou a actividade.

Esta previsión non será de aplicación a aqueles entidades ás que se tivera outorgado subvención para gastos correntes.

**ARTIGO 25. INFORMES**

1.—Unha vez recibida a documentación pertinente o servizo xestor da subvención emitirá informe acerca do grado de cumprimento dos fins para os que se concedeu a subvención e a adecuación dos gastos realizados ós mesmos, puidendo requirir ó beneficiario para que enmende defectos, complete a documentación ou amplíe a información.

2.—A Entidade Local, a través do servizo xestor, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados, utilizando os criterios recollidos no artigo 33 LXS. Asimesmo poderá comprobar directamente a execución da obra ou actividade subvencionada.

3.—Unha vez emitido o Informe da Intervención efectuarase a oportuna proposta de resolución que deberá de elevarse, para a súa aprobación, ó órgano que tivera concedido a subvención.

**ARTIGO 26. SUBCONTRATACIÓN**

O beneficiario de subvencións por actividades poderá subcontratar a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, de conformidade co previsto no artigo 29 LXS.



**ARTIGO 27. REINTEGRO DE CANTIDADES**

1.—Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Nos casos de declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da subvención.
- b) Nos supostos recollidos no artigo 37.1 da LXS.
- c) Nos supostos de cantidades percibidas e non invertidas para a finalidade para a que foi concedida a subvención, así como de cantidades non xustificadas.

2.—A devolución das cantidades axustarase ó procedemento de reintegro recollido no artigo 42 LXS, e se iniciará de oficio por acordo do Alcalde, ben por propia iniciativa, a petición razonada do servizo xestor ou por denuncia. Tamén se iniciará a consecuencia do informe de control financeiro emitido pola Intervención Municipal.

**TÍTULO VI  
CONTROL FINANCEIRO**

**ARTIGO 28. OBXECTO**

O control financeiro sobre toda clase de subvención outorgada pola Entidade Local exercerase pola Intervención Xeral de conformidade co que dispoñen os artigos 220 a 222 do RDLEx. 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Título III da LXS, Título VI da Lei Xeral Presupostaria e demais normas concordantes.

Dito control terá por obxecto principal comprobar o cumprimento por parte dos beneficiarios das súas obrigas na xestión e aplicación da subvención e na axeitada e correcta financiación das actividades subvencionadas.

Os beneficiarios e terceiros relacionados co obxecto da subvención ou da súa xustificación, estarán obrigados a prestar colaboración e a facilitar a documentación que lle sexa requerida polo persoal que efectúe o control financeiro.

**ARTIGO 29. ACTIVIDADES DE CONTROL  
FINANCEIRO**

O control financeiro das subvencións poderán consistir, entre outras actividades, nas seguintes:

1.—O exame de rexistros contables, contas ou estados financeiros e a documentación que os soporte, dos beneficiarios.

2.—O exame de operacións individualizadas e concretas relacionadas ou que puideran afectar ás subvencións concedidas.

3.—A comprobación de aspectos parciais e concretos de actos relacionados ou que puideran afectar ás subvencións concedidas.

4.—A comprobación material das inversións financiadas.

5.—As actuacións concretas de control que deban realizarse conforme co que en cada caso establezan as bases reguladoras da subvención e, no seu caso, a resolución da concesión.

6.—Calesquera outras comprobacións que resulten necesarias en atención ás características especiais das actividades subvencionadas.

**TÍTULO VII  
INFRACCIÓN ADMINISTRATIVAS**

**CAPÍTULO I.—INFRACCIÓN**

**ARTIGO 30. CONCEPTO**

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas nos artigos 59 e seguintes da LXS, e serán sancionables incluso a título de negligencia.

**ARTIGO 31. RESPONSABLES**

Serán responsables das infraccións administrativas as persoas físicas ou xurídicas, públicas e privadas, así como os entes sen personalidade á que se refire o artigo 11.3 LXS, que por acción ou omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións na Lei, e en particular, os sinalados no artigo 53.

Estarán exentos de responsabilidade os supostos contemplados no artigo 54 da LXS.

**ARTIGO 32. INFRACCIÓN LEVES**

Terán a consideración de infraccións leves os incumprimentos da obrigas recollidas na Lei e nas bases reguladoras das subvencións cando non sexan constitutivas de falta grave ou moi grave e non operen como elemento de graduación da sanción. En particular, constitúen infraccións leves as seguintes condutas:

1.—A presentación fora de prazo das contas xustificativas da aplicación dada ós fondos percibidos.

2.—A presentación de contas xustificativas inexactas ou incompletas.

3.—O incumprimento das obrigas formais que, non estando previstas de forma expresa, sexan asumidas como consecuencia da concesión da subvención.

4.—O incumprimento das obrigas de índole contable ou rexistral.

5.—O incumprimento das obrigas de conservación de xustificantes ou documentos equivalentes.

6.—O incumprimento por parte das entidades colaboradoras das obrigas establecidas no artigo 15 LXS.

7.—A resistencia, obstrucción, escusa ou negativa ás actuacións de control financeiro.

### ARTIGO 33. INFRACCIÓNS GRAVES

Terán a consideración de infraccións graves as seguintes conductas:

1.—O incumprimento da obriga de comunicar ó órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas públicas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

2.—O incumprimento das condicións establecidas alterando sustancialmente os fins para os que a subvención foi concedida.

3.—A falta de xustificación do emprego dado ós fondos recibidos unha vez transcorrido o prazo establecido para a súa presentación.

4.—A obtención da condición de entidade colaboradora falseando os requisitos esixidos nas bases reguladoras da subvención.

5.—O incumprimento por parte da entidade colaboradora da obriga de verificar, de se-lo caso, o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, cando de elo se derive a obriga do reintegro.

6.—As demais conductas tipificadas como infraccións graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

### ARTIGO 34. INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Terán a consideración de infraccións moi graves as seguintes conductas:

1.—A obtención dunha subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que as houberan impedido ou limitado.

2.—A non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas para os fins para os que a subvención foi concedida.

3.—A resistencia, escusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de control previsto, cando se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos.

4.—A falta de entrega, por parte das entidades colaboradoras, cando así se estableza, ós beneficiarios dos fondos recibidos dacordo cos criterios previstos nas bases reguladoras da subvención.

5.—As demais conductas tipificadas como infraccións graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

## CAPÍTULO II.—SANCIONES

### ARTIGO 35. CLASES DE SANCIONES

1.—As sancións derivadas da comisión de infraccións en materia de subvencións clasificaranse

en sancións pecuniarias e, cando proceda, en sancións non pecuniarias.

2.—As sancións pecuniarias poderán consistir en multa fixa o proporcional. A sanción pecuniaria proporcional aplicarase sobre a cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada.

A multa estará comprendida entre os 75 e os 3.000 euros e a multa proporcional pode ir do tanto ó triple da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, ou no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

3.—As sancións non pecuniarias, que se poderán impoñer no caso de infraccións graves ou moi graves, poderán consistir en:

- Perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais das Administracións públicas ou outros entes públicos.
- Perda durante un prazo de ata cinco anos de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas nesta ordenanza.
- Prohibición durante un prazo de ata cinco anos para contratar coas Administracións públicas.

4.—A graduación e contía das sancións correspondentes a cada tipo de falta serán as que se contemplan nos artigos 60e seguintes da LXS, así como no seu desenvolvemento regulamentario

### ARTIGO 36. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

A imposición das sancións en materia de subvencións levarase a cabo mediante expediente administrativo no que, en todo caso, se dará audiencia ó interesado antes de dictarse o acordo correspondente, e será tramitado ó abeiro do disposto no capítulo II do Título IX da Lei 30/1992.

O procedemento se iniciará de oficio, como consecuencia da comprobación levada a cabo polo órgano concedente ou entidade colaboradora, así como das actuacións de control financeiro previstas na ordenanza ou na lei.

Os acordos de imposición de sancións porán fin á vía administrativa

### ARTIGO 37. COMPETENCIA

As sancións en materia de subvencións serán acordadas e impostas polo órgano competente para a súa concesión.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

Será de aplicación supletoria ó establecido na presente ordenanza o disposto na Lei 38/2003, do 7 de novembro, Xeral de Subvencións e as normas que se dicten en desenvolvemento da mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, ó día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuicio do prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

En Bueu, 27 de decembro de 2005.—A Alcaldesa-Presidenta, M<sup>a</sup> Elena Estévez Freire. 2006000344

\* \* \*

SILLEDA

A N U N C I O

Durante un prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación coa solicitude de don Alfredo Canabal Lázara, que pretende a "Ampliación dun almacén, en estabulación de gando vacún situada no lugar de Corrospedriños, nº 4, parroquia de Refoxos (Silleda)", de acordo co establecido no art. 30, apartado 2.a), do R.A.M.I.N.P., do 30 de novembro de 1961.

Silleda, a 3 de febreiro de 2006.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Viéitez. 2006001426

RECADACIÓN MULTAS DO CONCELLO DE O GROVE

*Anuncio do 10 de novembro de 2005 do Tesoureiro do concello de O Grove polo que relacionanse procedementos sancionadores en materia de Tráfico, Circulación e Seguridade Vial pendentes de notificar e emprazanse ós interesados que se sinalan:*

ABAD CARRASCO JOSE e 76 mais

De conformidade co disposto no artigo 78.2 da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade Vial aprobada por Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de marzo, e no artigo 59.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificado polo artigo 28 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, relaciónanse procedementos sancionadores en materia de Tráfico, Circulación e Seguridade Vial incoados por denuncias formuladas polos axentes da autoridade pendentes de notificar, non sendo posible a notificación da sanción por dúas veces no domicilio do titular do vehículo, emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

A comparecencia deberá efectuarse perante o órgano de tramitación (Recadación de Multas do concello de O Grove, rúa Arzobispo Malvar, 3 - Pontevedra) no prazo de 10 días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio.

Transcorrido o prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

DEBEDORES	DNI	MATRICULA	Nº Exp	DEBEDORES	DNI	MATRICULA	Nº Exp
ABAD CARRASCO JOSE	07520610	1227 CTX	0401572	MAQUEIRA FARIÑA JAVIER		0708	0500758
ALFONSO PEREZ IGNACIO	76862977	PO-5825-BF	0500157	MARIN FOLGUERAS GABRIELA	50016742	4500 BTP	0500089
ALLO CANEDA PERFECTO ROMAN	35437792	PO-3905-BM	0500270	MARISCOS TRELLES S.L.	836041622	PO-7126-BK	0401489
ALVAREZ CAMPOS ALFONSO	76868506	8931 BGD	0500666	MARTIN ZAMORA CARLOS	12712593	BI-8446-CT	0500735
ALVAREZ COSTAS MARIA	36115005	0869 BLC	0500108	MARTINEZ PEREZ MANUEL	76859480	PO-4041-AH	0500294
ALVAREZ FERNANDEZ VICTOR	76857969	3336 CMC	0500188	MARTINEZ DOMINGUEZ ISABEL	35384444	PO-9125-AW	0500711
ALVAREZ GONZALEZ SERGIO	36162534	3079 DGN	0500502	MASCATO BRAVO PATRICIA	76867737	8886 CKV	0500538
ASOREY FERNANDEZ ANTONIO	33796959	M-5039-NK	0500560	MASCATO COUSO ANTONIO	76860237	C-7403-BMS	0501000
AUXILIAR DE SERVICIOS Y COLABORACIONES	A28158731	0892 CRT	0400996	MEIS OTERO RICARDO	76854118	3934 CZB	0401272
BARBEITO DIAZ PABLO	35428802	4466 CVG	0500762	MENDEZ GARCIA PEDRO	35284428	PO-4188-BB	0500912
BARREIRO OTERO J.CARLOS	76866295	1651 CNN	0500511	MOLINOS TURNES JOSE	33232750	PO-9156-BK	0500070
BARREIRO OTERO J.CARLOS	76866295	1651 CNN	0500513	MONTENEGRO IGLESIAS ANTONIO MIGUEL	76854120	PO-5111-AN	0500077
BLANCO CAMIÑA MANUEL	35430008A	2610 BZY	0400879	MOURIÑO ALVAREZ MARIA	76867723	2528 CWH	0500774
BONIGNO GONZALEZ MARIA	32791923	7639 CFD	0500016	OTERO GONDAR LEONCIO	35419619	PO-3928-BF	0500291
BUA OTERO YAGO	77414441	PO-6939-BT	0500906	OTERO PADIN FRANCISCO A	76860299	0025 CZT	0500931
CACABELOS RICO DAVID JESUS	35451902	2142 CLH	0400375	OTERO PIÑEIRO ADELA	76848864	C-1911-BPM	0500372